



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membrela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vidal Andión, Antón

DECANOS/DIRECTORES:

Cruces Colado, Susana
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pena Rodríguez, Alberto
Pérez Losada, Fermín E.
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Sueiro Justel, Joaquín

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Domínguez Martín, Jorge
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Martínez Ínsua, Ana Elina
Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES:

Araujo Otero, Uxía
Fariñas Valiña, Iago
Lago Teijeiro, Xan
Méndez Franco, Óscar
Quintela Vilarinho, Francisco José

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 28 de xuño de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O xoves, día 28 de xuño de 2007, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2007.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da solicitude de integración da área de Dereito Penal do Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade no Departamento de Dereito Público.
4. Aprobación, se procede, da incorporación no encargo de docencia de materias específicas de libre elección de titulación.
5. Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
6. Facultar ao Reitor, se procede, para que en nome do Consello de Goberno eleve ao Consello Social a proposta sobre a asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión correspondentes as convocatorias da Xunta de Galicia do ano 2007.
7. Resolución do recurso de alzada presentado por Dna. Yolanda Herranz Pascual.
8. Resolución do recurso de alzada presentado pola alumna Esther Gil Pesqueira contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresarias polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia "Análise e consolidación de estados contables".
9. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Master en Ciencias da Enfermería e Curso de Especialista en Dereito Angloamericano.
10. Aprobación, se procede, da autorización de ocupación temporal para uso e mantemento pola compañía Unión Fenosa Distribución S.A. dun centro de seccionamento na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra e cesión da propiedade de 174 m de canalización e rede de media tensión subterránea en conductor 2 RHZ1 12/20 3(1*240)AL segundo a documentación que se acompaña (exp. nº 12/2007-PON-FCE).

11. Aprobación, se procede, do acordo da xerencia e a Xunta de Persoal Funcionario de 24 de maio de 2007.
12. Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT Laboral.
13. Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT Funcionario.
14. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Asociación Consortium Claroline.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades galegas para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior e materias de estudos universitarios - Convenio específico coa Universidade Autónoma de Coahuila (México) - Convenio específico coa Universidade Federal de Paraná (Brasil) - Convenio coa Universidade da Coruña para a realización do proxecto “Rosa-Mitus” - Convenio marco coa Fundación Universitaria Empresarial do Noroeste Arxentino - Convenio marco co Instituto Universitario de Ciencias da Saúde da Fundación H. A. Barceló (Arxentina) – Convenio marco coa Universidade Técnica Federico Santa María (Chile) – Convenio coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a cofinanciación do proxecto Nanobiomed (Consolider-Ingenio 2010) – Convenio específico coa Universidade Federal da Bahia (Brasil) – Convenio específico coa Universidade de Sorocaba (Brasil) – Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización do curso interuniversitario de especialista en “mediación”.
16. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do Reitor.

Informa o Reitor en primeiro lugar, de diversos asuntos relacionados con temas xudiciais pendentes nos que a Universidade de Vigo é parte interesada :

a). Respecto da sentenza referida ao caso das Cátedras de I+D, non hai novidades polo momento. A parte demandante pediu a execución da sentenza e a Universidade expuxo diante do xuíz os argumentos que xustifican a súa non execución. As respectivas posicións están definidas, polo tanto, debe ser o xuíz o que resolva, sen que poidamos facernos unha idea do prazo no que pode acontecer isto.

b). En segundo lugar, informa da recepción da sentenza do Tribunal Supremo anulando o acordo adoptado polo Consello de Goberno do 24.06.1.999 polo que se creou a entidade “Cidade Universitaria S.A.”. Esta sentenza é resultado do recurso de casación presentado pola Federación de Traballadores do Ensino do Sindicato U.G.T. contra a sentenza anterior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 7.11.2.001, desestimando o recurso contencioso presentado por este sindicato contra dito acordo do Consello de Goberno.

A sentenza do Supremo dálle a razón aos demandantes en dous dos asuntos reclamados :

- En primeiro lugar, resolve que o sindicato está lexitimado para recorrer a citada decisión (o que lle tiña sido negado polo T.S.X.G.), posto que (textual) “...la S.A. que

se crea sustraería al PAS determinados puestos de trabajo, perjudicándose de este modo las perspectivas profesionales”.

- E, en segundo lugar, resolve tamén que a decisión do Consello de Goberno foi adoptada (textual) “... *sin incorporar ... informes en derecho previamente realizados, y sin realizar cálculo, ni estimación, ni razonamiento alguno respecto a la repercusión que habría de tener el acto en el presupuesto universitario”.*

O Reitor procede a explicar a posición e a estratexia do equipo de goberno do seguinte xeito :

1. En primeiro lugar, vaise defender o proxecto CUSA ata onde a lei o permita. Porque é a obriga deste equipo de goberno como no caso precedente, pero tamén por outras motivacións que se consideran da máxima importancia:

- Porque foi desde o seu comezo e sigue sendo un proxecto estratéxico para a Universidade de Vigo, para os seus estudantes e para a nosa oferta de servizos . Quero lembrarllas, por exemplo, que é CUSA a que está construíndo neste momento a piscina do Campus de Ourense, e que os nosos socios aportan a este proxecto a metade da financiación precisa. Non podemos renunciar a este importantísimo instrumento.
- E, en segundo lugar, e quizais sexa o máis importante de todo, porque na Universidade de Vigo é difícil entender a colaboración institucional e o mecenazgo sen asegurar o futuro de CUSA. Deberemos ter moi claro que si por calquera motivo CUSA fracasa, a Universidade de Vigo non poderá levar adiante proxecto algún de colaboración durante moitos anos. Estamos a falar do interese da institución en primeiro termo, e, polo tanto, trátase de consecuencias que el como Reitor non debe permitir en ningún caso.

2. En segundo lugar, este equipo de goberno defenderá xuridicamente o proxecto CUSA ata onde lle sexa posible. Esta estratexia tivo inicio xa coa presentación dun recurso de amparo diante do Tribunal Constitucional, no que ademais se solicita a suspensión da execución da sentenza do Tribunal Supremo. En todo caso, respecto de CUSA adoptaron decisións perfectamente válidas moitos organismos, o que garante a supervivencia da sociedade e a certidume de todas as súas actuacións.

Aproveita a ocasión para expoñer o que é CUSA. En termos de plantilla propia: un xerente e unha secretaria ; en termos de emprego non universitario, algúns postos adicionais de traballo, dos que por certo nada se fala; en termos de servizos complementarios, unha enorme axuda. E unha inversión de 12 millóns de euros, incluíndo a piscina de Ourense, da que outras entidades puxeron a metade. Isto é o que este equipo de goberno ten a obriga de defender a toda costa. Para o equipo de goberno CUSA está viva e activa, e así seguirá por moitos anos, espero, para beneficio de todos os universitarios.

Fai o Reitor unha última reflexión que entende moi necesaria. Este non é un xogo intranscendente e gratuito para a Universidade de Vigo e por iso pide prudencia e que se mida ben o que se di. Non se pode dicir “Líquídese CUSA” sen pensar no que isto pode implicar para a Universidade e para os empresarios que manteñen nela os seus negocios. Prudencia, por favor, e un pouco de calma ata que os xuíces resolvan o que queda por resolver, que é moito aínda.

Reitera o compromiso de informar a este Consello de Goberno da evolución destes dous casos, e que, polo tanto, nada dirá en futuras convocatorias deste órgano de goberno se non houberse outras novidades que as que acaba de contar.

En segundo lugar, informa o Reitor da presentación dos borradores dos decretos de acreditación e dos concursos de acceso.

O pasado 5 de xuño de 2007 celebrouse o primeiro pleno do novo Consejo de Universidades, no que se presentaron os borradores dos reais decretos para establecer as condicións do novo procedemento de acreditación e para realizar os concursos de acceso. Os dous documentos foron colgados na web e puideron ser consultados e sometidos a discusión pola comunidade universitaria durante os pasados quince días. A CASUE (Comisión Académica da CRUE) deu por bo o borrador dos concursos con pequenas correccións de clarificación e fixo diversos comentarios sobre o borrador da acreditación. Onte mesmo, nun novo Pleno do Consejo, estes comentarios foron presentados pola CRUE diante do Ministerio, co rogo da súa toma en consideración. No fundamental, propoñen as seguintes modificacións sobre o texto inicial:

- A acreditación debe ser entendida como un mérito e un requisito, como a condición de doutor, por exemplo. Neste sentido, carece de xustificación a caducidade de 6 anos establecida no borrador do real decreto. Porque os méritos son acumulativos e non caducan; e porque esa é a situación na que se resolve actualmente a acreditación para os contratados doutores e facelo doutro xeito xeraría unhas desigualdades pouco xustificables.
- A composición das comisións de acreditación previstas no decreto debe facerse por sorteo. As condicións académicas para formar parte destas comisións son esixentes, de xeito que se trata dun sorteo sobre unha bolsa potencial de membros limitada e electiva, sobre a que non debéramos ter dúbidas da cualificación.
- A acreditación debe facerse por ramas de coñecemento, pero cun criterio flexible próximo ao de cada ciencia. Estímase que unha solución de entre 15 e 20 ramas, semellante, por exemplo, á que se utiliza para as convocatorias Ramón y Cajal, pode facilitar o proceso de avaliación, incluso ata o punto de que deixe de ter sentido a prevista presenza de dous expertos adicionais aos 7 membros das comisións de acreditación.
- Non debe haber normas que permitan discrecionalidade posterior. No Art. 5.1, por exemplo, o número de membros das comisións de acreditación debe ser 7, sen dar pé ás hipóteses que permitían contemplar o texto actual ao engadir a expresión “al menos...”.
- Respecto dos anexos de criterios valorativos, propóñense dous cambios: que a valoración de 20 puntos por sexenio sexa mínima, para poder xulgar ademais o resto da actividade investigadora non considerada nos sexenios; e que a obtención de catro sexenios supoña de forma automática a acreditación para catedrático de Universidade.

O ministerio tomou nota de todas estas propostas, coa promesa de analízalas con toda atención e ver de incorporalas no texto do real decreto.

Por último, o calendario previsto para estes dous decretos é o seguinte :

- Aprobación: xullo de 2007.
- Entrada en vigor: 1º trimestre do curso 2007-2008.

En terceiro lugar informa o Reitor da presentación do borrador do novo decreto de grao e posgraos para primeiros de xullo.

Como lles dixen, onte mesmo celebrouse sesión do Consejo de Universidades, no que ademais do debate anterior sobre acreditación e acceso, presentouse o borrador do real decreto sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais en España. Este borrador refunde tres documentos previos: o titulado “La Organización de las Enseñanzas Universitarias en España”, de 26 de setembro de 2006; o denominado “Directrices para la elaboración de Títulos de Grado y Máster”, de 21 de decembro de 2006; e a “Nota sobre Profesiones Reguladas y Directrices de Títulos Universitarios” emitida con posterioridade. Todos estes documentos están colgados na páxina web da Universidade, e desde hoxe mesmo tamén poñemos a disposición de toda a comunidade universitaria o borrador do real decreto.

Non se atopan novidades substanciais no novo texto :

- Novos títulos de Grao, Máster e Doutoramento.
- Todos adaptados ao sistema europeo de créditos ECTS.
- Todos os graos a 240 créditos, agás que normas comunitarias obriguen ao goberno a fixar un número maior de créditos para determinadas ensinanzas (arquitectura e medicina, por exemplo). En todo caso, máis créditos non significará diferente categoría laboral para o título, situación que xa é a que actualmente existe no noso país.
- Liberdade das Universidades para propoñer os títulos que consideren de interese para o sistema universitario.
- En todo caso, as propostas das Universidades terán que transitar por dous filtros antes de ser implantadas:
 - O filtro das propias comunidades autónomas, que regularán aqueles aspectos (organización da oferta, financiación, etc.) que son da súa competencia.
 - O filtro do Ministerio de Educación, que visará as propostas a través do seu Rexistro de Títulos e coa axuda da ANECA.
- Se un título habilita para unha profesión regulamentada, a Universidade propoñente terá a responsabilidade de xustificar a adecuación do plan de estudos aos requirimentos de dita profesión. E o mesmo ocorrerá se as condicións mínimas de formación son fixadas por directivas comunitarias. O plan de estudos deberá demostrar que cumpre as citadas condicións.

- Por último, os calendarios previstos son os seguintes:

A). En canto ao calendario de adaptación e implantación dos novos títulos, todo segue como estaba previsto nos documentos precedentes :

- O curso 2008-2009 será o primeiro no que se poderán implantar os novos títulos de grao.
- Para elo será preciso solicitalo ao Consejo de Universidades antes do 31 de xaneiro de 2008.
- A adaptación poderá proseguir ata o curso 2009-2010.
- A partir do curso 2010-2011, as Universidades non poderán ofertar prazas de novo ingreso no primeiro curso das actuais titulacións.

B). En canto ao calendario de tramitación administrativa deste real decreto, as datas relevantes son :

- Comentarios e emendas ao borrador durante o mes de xullo (está xa aberto un período de 3 semanas para que os membros da comunidade universitaria poidan facernos chegar as propostas de corrección ou emenda que consideren oportunas, co compromiso de trasladalas logo ao debate da CRUE).
- Informe do borrador no Consejo de Universidades nunha sesión prevista para finais de xullo.
- Publicación do real decreto a finais de setembro ou principios de outubro próximo.

O Reitor anima a todos os membros da comunidade universitaria a participar neste debate e anuncia que, ademais das sesións explicativas internas que os responsables deste tema no equipo de goberno manterán nos diferentes centros e campus, están organizando dúas xornadas de información e debate, que probablemente terán a seguinte composición :

- Día 10 de xullo de 2007 : coa participación do Director General de Universidades do MEC e do Director Xeral de Ordenación da Consellería da Educación da Xunta de Galicia.
- Día 17 de setembro de 2007 : coa participación do Secretario de Estado de Universidades.

Por suposto, serán sesións abertas a toda a comunidade universitaria e pensadas para o debate e a fixación clara do escenario no que nos debemos mover de agora en diante. En canto teñamos pechadas definitivamente estas sesións, difundiremos a súa celebración entre toda a comunidade universitaria.

En cuarto lugar o Reitor informa tamén de que se atopa na súa última fase de elaboración, o novo Plan Nacional de I+D 2008-2011. O calendario previsto para a súa posta en práctica é o seguinte :

- Aprobación polo pleno da CICYT e polo Consello de Ministros: xullo 2007
- Publicación das primeiras convocatorias: outono 2007
- En vigor: 1 de xaneiro 2008

En quinto lugar o Reitor anuncia a creación da Fundación para a Promoción Exterior do Sistema Universitario Español para promover no exterior a oferta universitaria española.

O Reitor pon en coñecemento dos membros do Consello de Goberno o nomeamento de dona M^a Carmen Echevarría, xornalista, como Xefe do Gabinete de Prensa en substitución de dona María Teresa Posada.

Por último, informa de que, a partires de mañá, a Dirección de Área de Grao, adscrita á Vicerreitoría de Titulacións e Converxencia Europea, pasa a denominarse Dirección de Área de Posgrao, sendo ocupada pola mesma persoa, dona Elena Alonso Prieto.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Legido quen, en relación a sentenza de CUSA, manifesta o seu acordo co Reitor no relativo á transcendencia do tema pola repercusión que pode ter fóra da Universidade, pero considera que o Reitor está seguindo, de xeito unilateral, un camiño equivocado, alegando que as decisións sobre esta materia deberíanse adoptar entre todos. Entende que non ten sentido seguir pola vía xudicial cando xa hai unha sentenza en contra e que este é o momento de replantearse por onde seguir, o que non pode facerse dun xeito unilateral.

Expón tamén a súa preocupación polo tema dos graos en canto neste momento de incertidume non se sabe se é mellor pisar ou non o acelerador. Considera que é necesario ter unha boa dirección que polo momento non se ten e sinala tamén, a conveniencia de ter unha xornada de reflexión, sobre o que se vai implantar na Universidade de Vigo.

O Reitor comeza respondendo isto último e convén co Prof. Legido que non existe dirección no sentido de que ata agora non existía ningunha normativa. Agora xa existe un borrador pero segue sen haber normas da Xunta por esa razón se fixo unha invitación ao Director Xeral de Universidades para que explique aquí por onde se vai seguir e tamén se farán xuntanzas explicativas por campus por parte da Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea. Engade que polo de agora non houbo reunión dos Reitores coa Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e non se presentou pola Xunta ningún mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia, onde se plasme onde poden existir os problemas. A maiores, mantivo conversas coa Consellería nas que expuxo o erro que pode supoñer pensar neste proceso nun senso de peche e aforro.

No que respecta á sentenza de Cidade Universitaria, trátase dun asunto que parte de 1999, e o seu empeño é resolvelo tendo en conta as posicións tomadas no seu momento, ás que non ten sentido volver. Si isto non fose posible, entón haberá que plantearse que camiño seguir. Polo momento, ten que ser executivo.

Intervén o Prof. Ortiz para por de manifesto a súa preocupación derivada de que no borrador de real decreto de titulacións desaparece a denominación posgrao oficial e se substitúe por máster; ante isto pregunta que pasa cos posgraos que están xa ofertados.

Resposta a Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea sinalando que o concepto de Posgrao Oficial é de organización interna na Universidade de Vigo, pero non ten maior relevancia a efectos organizativos de carácter formal.

Punto 3.- Aprobación, se procede, da solicitude de integración da área de Dereito Penal do Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade no Departamento de Dereito Público.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen sinala que en data 9 de marzo de 2007 recibíuse escrito do Prof. Javier De Vicente Remesal, Catedrático de Dereito Penal, ratificado posteriormente por todos os profesores da área, solicitando a integración da área de Dereito penal no Departamento de Dereito público.

Requiridos os informes dos Departamentos de Dereito Público Especial e de Dereito Público, recibíronse ambos en sentido favorable como consta na documentación. No caso do departamento receptor (Dereito Público) achega a preceptiva memoria xustificativa destacando a coherencia das liñas de investigación e dos contidos docentes da área de Dereito Penal cos das outras áreas do departamento.

Cóntase tamén co informe favorable da COAP na súa reunión do pasado 19 de xuño, na que se verificou tamén o cumprimento dos requisitos de profesorado numerario nas áreas que permanecen no departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento.

Punto 4.- Aprobación, se procede, da incorporación no encargo de docencia de materias específicas de libre elección de titulación.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que a COAP na súa reunión do 30 de maio de 2007, valorou dúas peticións de centros, no sentido de incorporar unha materia de libre elección de titulación que lles correspondía, polo número de titulacións e que por diversas circunstancias non foron incluídas no encargo de docencia.

A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense solicita a incorporación da materia Programas de Atención en Xerontoloxía (área 725 Psicobioloxía).

A Facultade de Filoloxía e Tradución solicita a incorporación da materia Obradoiro de Expresión Literaria Inglesa.

Ambas peticións foron informadas favorablemente pola COAP.

A maiores, expón tamén a relación de materias de libre elección de calidade incorporadas aos POD's de áreas con ampla capacidade docente de acordo co que se recolle no **anexo 1**.

Intervén o Prof. Piñeiro para preguntar por que motivo hai materias de 4,5 e materias de 6 créditos, ao que resposta o Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que estas últimas asignaturas de libre elección son de calidade ou de folgura de área, por iso se permite que sexan de 4,5 créditos.

Apróbase por asentimento.

Punto 5.- Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Profesorado quen sinala que se solicitan sete prazas:

Unha de Catedrático de Universidade na área (800) de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns (Departamento T14 de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns). A Profesora Titular Dna. Carmen García Mateo acadou unha habilitaci3n na derradeira convocatoria. (BOE 17/5/07).

Unha de Catedrático de Universidade na área (165) de Dereito Mercantil (Departamento X02 de Dereito Privado). O Profesor Titular de Universidade D. Julio Costas Comesaña David Posada González, acadou habilitaci3n na derradeira convocatoria. (BOE 19/05/07).

Unha de Profesor Titular de Universidade na área (370) de Filoloxías Galega e Portuguesa. (Departamento H03 de Filoloxía Galega e Latina). O Profesor Asociado D. Manuel Santiago Fernández Alvarez, acadou habilitaci3n na derradeira convocatoria. (BOE 12/01/07).

As tres xa citadas contan co informe favorable da COAP na súa reuni3n do 30 de maio. Hay catro prazas mais informadas favorablemente pola COAP na súa reuni3n do 19 de Xuño:

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área (750) de Química Analítica. (Departamento C07 de Química Analítica e Alimentaria). A Profesora Titular Interina Dna. Elena Falqué López acadou habilitaci3n na derradeira convocatoria. (BOE 9/05/07).

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área (780) de Tecnoloxía de Alimentos (Departamento T04 de Enxeñería Química). A profesora Contratada Doutora Dna. Sidonia Martínez Suárez acadou habilitaci3n na derradeira convocatoria. (BOE 9/05/07).

Dúas prazas de Profesor Titular de Universidade na área (295) de Explotaci3n de Minas (Departamento T06 de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente). A Profesora PP2 Dna. Elena Alonso Prieto e mais o Profesor PP2 D. Fernando María García Bastante, acadaron habilitaci3ns na derradeira convocatoria. (BOE 18/06/07).

Apróbbase por asentimento.

Punto 6.- Facultar ao Reitor, se procede, para que en nome do Consello de Goberno eleve ao Consello Social a proposta sobre a asignaci3n de retribuci3ns adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xesti3n correspondentes as convocatorias da Xunta de Galicia do ano 2007.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen exp3n que a raz3n da incorporaci3n deste punto na orde do día é dar cumprimento ao establecido no art. 6 do Regulamento de Organizaci3n e Funcionamento do Consello Social da Universidade de Vigo, que establece que o Consello Social, previa a súa proposta polo Consello de Goberno, é o 3rgano competente para a asignaci3n individual e singular de retribuci3ns adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xesti3n a persoal docente e investigador,.

Do que se trata é de facultar ao Reitor para dar cumprimento deste requisito, no que respecta á proposta de Consello de Goberno, e que remita ao Consello Social, directamente os listados de profesores aos que se lles asigna unha retribución complementaria en cada unha das convocatorias efectuadas pola Xunta ao longo do ano 2007 e deste xeito axilizar o procedemento e evitar a convocatoria dun Consello de Goberno con cada unha delas.

Apróbase por asentimento.

Punto 7.- Resolución do recurso dealzada presentado por Dna. Yolanda Herranz Pascual.

Están invitados como interesados a recorrente, Prof^a Yolanda Herránz Pascual e o Director do Departamento de Escultura, Prof. Juan Loeck Hernández.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen intervén sinalando que se trata dun recurso dealzada presentado pola Prof^a Yolanda Herranz Pascual contra o acordo do Consello de Departamento de Escultura de aprobación do POD, celebrado nas sesións ordinarias de 25 de abril e 2 de maio de 2007. Neste recurso a recorrente solicita a anulación do POD aprobado por considerar que se incumpre o procedemento legalmente establecido para a elección de créditos a impartir polos docentes do departamento en canto non se respecta o criterio de prelación de xerarquía e antigüidade.

A este respecto o informe de asesoría xurídica parte da consideración de que os criterios de categoría e antigüidade están recollidos na xurisprudencia pero non na normativa xeral da Universidade de Vigo, de tal xeito que estes poden ser tomados en consideración pero o Consello de Departamento ten competencia para fixar os criterios de distribución da docencia que considere mais axeitado.

No caso concreto do recurso, o Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Escultura regula a distribución da docencia no seu artigo 28 no que se refire á distribución entre o persoal docente “de forma equitativa segundo as diferentes dedicacións, procurando a formación de equipos docentes eficientes e minimizando o número de profesores por materias e grupo”. Asemade, o Consello de Departamento, en sesión de 5 de maio efectúa unha maior concreción deste sistema, o que se denomina sistema marco de 18 créditos, onde cada profesor da un promedio de 18 créditos nunha soa materia e o resto noutra.

Este é o marco legal que resulta de aplicación para a elaboración do POD, que foi respectado polo Departamento de Escultura. Por isto, a asesoría xurídica entende que debe ser desestimado o recurso presentado pola Prof^a. Herranz e esta é a proposta que se fai a este Consello de Goberno.

Intervén a Prof^a Herránz quen sinala que, como segunda catedrática do departamento, non está de acordo co sistema de asignación de docencia e solicita que se lle permita elixir toda a súa docencia.

O Prof. Loeck, en canto Director do Departamento de Escultura, sinala que no seu departamento se tomou a decisión de non aplicar os criterios de categoría e antigüidade, de acordo co sistema establecido no Regulamento de Réxime Interno do Departamento.

Pide a palabra o Prof. Legido para manifestar que este problema da asignación da docencia xa xurdiu varias veces e está de acordo se o departamento ten un sistema propio de asignación, pero cando non é así, debería habilitarse un procedemento xeral.

A Prof. Herránz volta a intervir para reiterar a súa petición de que se apliquen no seu caso os criterios de categoría e antigüidade.

Intervén o Prof. Barcia, que tamén é profesor do Departamento de Escultura, para sinalar que é necesario pensar en criterios de calidade e docencia, de tal xeito que o modelo do seu departamento debería ser un exemplo a seguir por outros.

O Prof. Muñoz manifesta que é un problema que se ten que resolver porque pronto teremos en marcha o Espazo Europeo de Educación Superior e é necesario buscar un sistema baseado na calidade e que permita organizar adecuadamente os recursos humanos de que dispón a Universidade. Rexeita o criterio da antigüidade e avoga pola búsqueda de criterios académicos baseados na calidade.

O Prof. Berrocal expón que esta cuestión non debería ser problemática posto que os departamentos funcionan sen dificultades. As complicacións xorden cando hai un desacordo nun departamento e ten que levarse o tema ao Consello de Goberno, e este órgano debería fixar unha norma clara en este caso, e ese criterio xeral debe ser categoría e antigüidade.

A Prof^a. González Vázquez pregunta cal é o problema concreto no departamento, se é que se rompe coa tendencia de anos anteriores que asignaba unha docencia concreta a esta profesora, se o que ocorre é que se lle quita a docencia ou se é ao revés.

Intervén novamente a Prof^a Herránz que relata, desde a súa incorporación á Universidade de Vigo, como ten sido a persoa que elaborou os programas da asignatura de escultura, cuxa docencia agora reclama que se lle asigne.

Tamén pide a palabra novamente o Prof. Loeck para sinalar que a propia Prof^a. Herránz participou na elaboración do Regulamento de Réxime Interno do Departamento que se está aplicando para asignarlle a docencia que lle corresponde: 18 créditos en escultura, que é a asignatura que ela elixiu, e 4,5 créditos noutra asignatura de primeiro, onde se vai implantar un proxecto piloto de EEES.

O Reitor manifesta que o debate se centra na autonomía dos departamentos á hora de determinar os criterios de asignación de docencia e sobre a posible conveniencia de establecer un procedemento xeral para toda a Universidade como cautela final, corréndose o risco, neste segundo caso, de que o establecemento da cautela deixe sen contido a competencia dos departamentos.

Despois desta reflexión final, procédese á votación sobre o punto concreto da orde do día:

- Votos a favor do informe de asesoría xurídica: 27.
- Votos en contra do informe de asesoría xurídica: 3.
- Abstencións: 4.

Acórdase desestimar o recurso presentado pola Prof^a. Herránz por maioría.

Punto 8.- Resolución do recurso de alzada presentado pola alumna Esther Gil Pesqueira contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresarias polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Análise e consolidación de estados contables”.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a COAP, na súa reunión do pasado 30 de maio, elaborou o informe desfavorable da petición da alumna, sustentado no feito de que a cualificación media da alumna na materia non supera a nota de corte, que a COAP establece en función do porcentaxe de aprobados da mesma nos derradeiros cinco cursos.

O Prof. Mejuto pregunta canto se desvía a nota da alumna, ao que resposta o Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que en 1 punto.

Apróbase desestimar por asentimento, o recurso presentado pola alumna Esther Gil Pesqueira.

Punto 9.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Master en Ciencias da Enfermería e Curso de Especialista en Dereito Angloamericano.

Cédese a palabra ao vicerReitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que ambas propostas de cursos foron examinadas e informadas favorablemente pola COAP na súa reunión do pasado 30 de maio.

Intervén o Sr. Mollinedo para expoñer que se vai abster neste punto porque entende que, no que respecto ao Máster de Enfermería, o establecemento de bolsas non respecta o que é unha bolsa, porque non se trata de abaratar a matrícula senón de facilita a mesma a alumnos que teñan insuficiencia de recursos. Tampouco na retribución do PAS non se especifica a persoa concreta nin os conceptos polos que vai cobrar.

O Prof. Berrrocal, en canto propoñente do curso, sinala que a idea de distribuír as bolsas entre todos os matriculados foi así porque se fixo deste xeito noutras ocasións, pero non ten problema en establecer outro procedemento. No relativo ao PAS, no se ten contactado aínda coa persoa que vai desempeñar estas funcións.

O Vicerreitor de Formación e Innovación Educativa sinala que efectivamente o reparto da contía das bolsas entre todos os matriculados é o que se fai normalmente, pero debe pensarse noutro xeito diferente.

Procédese a votación sobre a oferta de cursos:

- Votos a favor: 30.
- Votos en contra: 0.
- Abstencións: 2.

Apróbase por maioría.

Punto 10.- Aprobación, se procede, da autorización de ocupación temporal para uso e mantemento pola compañía Unión Fenosa Distribución S.A. dun centro de seccionamento na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra e cesión da propiedade de 174 m de canalización e rede de media tensión subterránea en conductor 2 RHZ1 12/20 3(1*240)AL segundo a documentación que se acompaña (exp. nº 12/2007-PON-FCE).

Cédese a palabra ao Xerente quen en primeiro lugar agradece ao Reitor a confianza depositada en el para o desempeño do cargo de Xerente, así coma aos membros do Consello de Goberno. Seguidamente, expón o contido concreto do cese de uso de acordo coa documentación que se aporta como **anexo 2**.

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do acordo da xerencia e a Xunta de Persoal Funcionario de 24 de maio de 2007.

Cédese a palabra ao Xerente quen expón o contido concreto do acordo coa Xunta de Persoal nos termos que se recollen no **anexo 3**.

O Prof. Mejuto pregunta qué implicacións económicas ten este acordo para a Universidade e si o contido do mesmo se vai aplicar ao PDI funcionario e laboral.

O Reitor resposta, en relación á segunda cuestión, que esta materia para o PDI se discute noutro foro.

O Xerente sinala que este acordo afecta a 77 funcionarios e o custe é de 92.000 euros.

O Prof. Mejuto intervén novamente para manifestar que tamén no PDI existen niveis e sería de rigor que a Universidade comprobase canto cobra polos trienios o PDI e que se fixera unha auténtica homologación.

O Reitor reitera que as vías para a negociación do PDI son outras, porque se asina convenio co MEC e coa Xunta de Galicia, coa que se establecen complementos de varios tipos, e que a homologación é so para o PAS.

O Sr. Mollinedo intervén para sinalar que cando se fala de homologación é entre o PAS laboral e funcionario e non en relación ao PDI.

O Prof. Rodeiro expón que non se pon en duda a equiparación entre funcionarios e laborais no que respecta ao PAS senón que tamén debería falarse de equiparación entre o PDI, isto é, que a mellora poda facerse extensiva a outros traballadores.

O Reitor reitera que a negociación do PDI é a nivel nacional ou da comunidade autónoma.

Apróbase por asentimento.

Punto 12.- Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT Laboral.

Cédese a palabra ao Xerente que fai unha relación de cales son os cambios na RPT laboral de acordo co que se recolle no **anexo 4**.

Apróbase por asentimento.

Punto 13.- Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT Funcionario.

Cédese a palabra ao Xerente quen expón as modificacións da RPT funcionario que se recollen no **anexo 5**.

Apróbase por asentimento.

Punto 14.- Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Asociación Consortium Claroline.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade quen sinala que esta asociación nace coa idea de promover a plataforma Claroline, que foi desenvolvida inicialmente pola Universidade de Lovaina e esta invita a Universidade de Vigo a formar parte desta asociación debido ás contribucións que fai ao desenvolvemento da mesma.

O interese da Universidade de participar nesta asociación é claro tendo en conta que esta plataforma é utilizada por unha grande parte dos membros da comunidade universitaria.

A participación nesta plataforma supón para a Universidade un desembolso de 20.000 euros ao ano.

Apróbase por asentimento.

Punto 15.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades galegas para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior e materias de estudos universitarios - Convenio específico coa Universidade Autónoma de Coahuila (México) - Convenio específico coa Universidade Federal de Paraná (Brasil) - Convenio coa Universidade da Coruña para a realización do proxecto “Rosa-Mitus” - Convenio marco coa Fundación Universitaria Empresarial do Noroeste Arxentino - Convenio marco co Instituto Universitario de Ciencias da Saúde da Fundación H. A. Barceló (Arxentina) – Convenio marco coa Universidade Técnica Federico Santa María (Chile) – Convenio coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a cofinanciación do proxecto Nanobiomed (Consolider-Ingenio 2010) – Convenio específico coa Universidade Federal da Bahia (Brasil) – Convenio específico coa Universidade de Sorocaba (Brasil) – Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización do curso interuniversitario de especialista en “mediación”.

Apróbase por asentimento.

Punto 16.- Elección para cubrir unha praza vacante polo sector de estudantes na Comisión de Investigación (delegada do Consello de Goberno).

Intervén a Secretaria Xeral sinalando que se ten presentado un candidato D. Francisco José Quintela Vilariño para unha praza vacante, de tal xeito que non é necesario facer votación. O novo membro polo sector estudantes na Comisión de Investigación é D. Francisco José Quintela Vilariño.

Punto 17.- Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Lago para por de manifesto o seu descontento co aumento de taxas para o curso académico 2006/07 e solicita a modificación da normativa de permanencia antes de iniciar o curso para non ter a obriga de matricularse de todas as materias de anos anteriores.

Por outra banda, se refire tamén na súa intervención a que este ano é o ano Erasmus e tanto a Universidade como o Ministerio están moi volcados na promoción da mobilidade dos alumnos, pero que na Escola Superior de Enxeñaría Industrial, fronte ao que ocorre noutros centros, non é posible irse de Erasmus. Solicita que se estude unha vía que permita solucionar esta situación que limita os dereitos dos alumnos deste centro.

O Prof. Piñeiro, como director da escola, resposta que hai cen alumnos con proxectos de fin de carreira que están fóra e hai conversas para que sexa posible a saída durante os cursos anteriores. Continúa dicindo que non deixará ir a ninguén ata que os departamentos acepten as validacións.

O Reitor sinala que dende a Vicerreitoría de Relacións Institucionais se vai dar todo o apoio que sexa necesario, pero esta é unha cuestión do centro correspondente.

Por outra banda, en relación á cuestión relativa ás taxas, o equipo de goberno é consciente do prexuízo que ocasiona neste momento a normativa de permanencia e vai traer unha reforma da mesma ao Consello de Goberno do mes de xullo.

Intervén novamente o Sr. Lago para pedir que si é posible se busque un patrocinador para as carpetiñas que se dan ao inicio de curso coa matrícula.

O Sr. Méndez pregunta o papel concreto que tivo a Universidade de Vigo no aumento das taxas e se o Reitor considera si esa é a mellor maneira de acadar mellores rendementos do alumnado.

O Reitor resposta que o Consello de Universidades aduciu dous argumentos para o aumento das taxas: un de fondo relativo a que si o alumno pode organizar sen custo o seu estudio, que organice tamén a súa matrícula e isto si ten un custo; outro de forma, en canto aínda con esta subida só estamos por riba do País Vasco.

A Prof^a. González Vázquez pregunta se a recepción dunha carta onde se relacionan os cargos que tivo na Universidade ten relación con algún complemento retributivo. Tamén pregunta como vai o tema da equiparación da paga extraordinaria ao soldo.

A Secretaria Xeral resposta que a remisión da carta ten como motivo a actualización da base de datos de cargos académicos da Universidade a efectos do novo complemento retributivo por cargos académicos que a Xunta de Galicia ten previsto publicar no DOG. No que respecta á equiparación da paga extra ao soldo, o Reitor sinala que neste momento está na mesa de negociación do PDI.

Intervén o Sr. Fariñas para sumarse ao descontento en relación á subida das taxas e confía en que proporcionalmente suban as bolsas. Por outra banda, reitera a súa pregunta, xa feita neste Consello de Goberno, sobre a contía do custe do curso de idiomas e sobre a supresión do custe da apertura de expediente académico do alumnado estranxeiro. Tamén pregunta, porque para matricularse nos POPs da Universidade de Vigo, non se podía facer so virtualmente mediante a plataforma virtual Bubela, xa que actualmente o único procedemento válido a todos os efectos e entregar nun rexistro o formulario de inscrición, deixando así sen validez legal a todos os efectos o feito por internet, que podía levar a erros a persoas que se matricularan, e ademais e pouco práctico e áxil para persoas que se encontran fora, ou para estudantes estranxeiros dos POPs.

O Reitor replica que os nosos alumnos que estudan fóra pagan e polo tanto considera que esta medida pode non ser equitativa, de todos os xeitos a Vicerreitoría de Relacións Institucionais está estudando o tema.

A partir de aquí débese sobre o custo dos cursos de linguas para os alumnos da Universidade con intervención do Reitor e o Sr. Fariñas.

Continúa a súa intervención o Sr. Fariñas para facer unha pregunta relativa a por qué a asesoría xurídica non respondeu a unha petición de asesoramento xurídico por parte dunha asociación de estudantes de Ourense, dicindo non era un tema da súa competencia.

A Secretaria Xeral, ante o descoñecemento do tema concreto, sinala que responderá por escrito unha vez analizados os antecedentes do tema.

Pregunta seguidamente o Sr. Fariñas se é posible que na desgravación docente por coordinar Erasmus se teña en conta tamén o número de alumnos que chegan e non só os que se van fóra.

O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que se entende que normalmente existe un equilibrio entre os alumnos que chegan e os que se van, agora ben, a labor que se quere premiar é a actividade previa á marcha dos alumnos e se estudará se procede ter en conta tamén a labor que se fai cos alumnos que chegan.

Por último, o Sr. Fariñas felicita ao alumno que se incorpora á Comisión de Investigación, felicitación á que se suma tamén o Vicerreitor de Investigación.

O Prof. Legido intervén para manifestar o seu descontento co sistema de inscrición dos POPs en canto se fai a través de Bubela pero despois é necesario imprimir a instancia e presentala en rexistro, o que supón un problema polo prazo.

O Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade sinala que esa é a forma de facerse posto que non temos acreditación para sinatura electrónica.

A Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea manifesta que se trata dunha cautela para ter plena seguridade desde o punto de vista do procedemento administrativo.

Debatese sobre o tema con intervención da Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, a Secretaria Xeral, o Reitor e o Prof. Legido.

Finalmente, a Secretaria Xeral conclúe sinalando que se trata dun procedemento administrativo e como tal esixe a presentación da instancia no rexistro para que teña plenos efectos, como se fai en calquera outro procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:35 horas do día 28 de xuño de 2007 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado